



## XUNTA XERAL ORDINARIA 1ª/2022

Acta da sesión que tivo lugar o día oito de marzo de dous mil vinte e dous.

No salón de actos do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, ás 20.00 h, reúnese a Xunta Xeral do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, baixo a presidencia da súa vicedecana, D<sup>a</sup> María del Carmen González Ferro, e na que participan os seus membros, D. Francisco José Rabuñal Mosquera D. Manuel Francisco Martín García, D. Javier Constenla Vega, D. Ramón Quintela Miramontes, D<sup>a</sup> Patricia Arnosó López, Margarita Ruiz Núñez e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Vieito Mayo, así como os letrados/as D. Manuel Arza Galán, D. José Carlos García Cumplido e D. César Rúa Martínez.

### ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral.
2. Recensións do decano sobre os acontecementos máis significativos que tiveron lugar o ano anterior en relación co colexio.
3. Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.
4. Proposicións.
5. Rogos e preguntas.

#### 1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR

Sométese á votación a acta da sesión anterior, que é aprobada por unanimidade de todos os membros presentes.

**2. RECENSIÓN DO DECANO SOBRE OS ACONTECEMENTOS MÁIS SIGNIFICATIVOS QUE TIVERON LUGAR O AÑO ANTERIOR EN RELACIÓN CO COLEXIO.**

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta das seguintes accións en relación coa **xestión colexial**:

- Durante o ano 2020 tramitáronse un total de 3.524 expedientes de xustiza gratuíta.
- As certificacións emitidas na quenda de oficio sumaron un importe de 885.583,83 euros, repartido entre todos os colexiados/as que forman parte da quenda.
- Tamén se xustificou un gasto aproximado de 12.000 euros para outros convenios (mediación penal e vía previa concello), repartido entre os letrados/as que prestan eses servizos.
- Tramitáronse 22 altas de novos colexiados/as (19 como exercentes e 3 como non exercentes).
- Rematou o ano cun total de 841 colexiados exercentes e de 534 non exercentes.
- Expedíronse 22 novos carnés colexiais con sinatura dixital e renováronse 161.
- Emitíronse 101 informes de honorarios para taxacións de custas.
- Tramitáronse 35 expedientes de dilixencias de información previa por denuncias sobre actuacións profesionais.
- Tramitáronse 3 expedientes disciplinarios.

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela pasa a dar conta **doutras actuacións** desenvolvidas durante o ano 2021:

- Estudo sobre o atraso dos informes psicosociais do Imelga en asuntos de familia
- Declaración institucional do Colexio no Día Internacional das Mulleres (8 de marzo)
- Xestións co Concello de Santiago para o recoñecemento da sinatura ACA-Abogacía na sede electrónica municipal
- Concesión de diplomas aos colexiados/as con 25 anos de exercicio profesional e xura ou promesa de novos letrados/as (21 de xullo)
- Participación na elaboración do “Protocolo de actuacións sobre delitos sexuais do partido xudicial e Santiago de Compostela”
- Publicación de reportaxe na prensa local con motivo da conmemoración do Día da Xustiza Gratuíta (12 de xullo)
- Publicación da Memoria anual 2020
- Publicación da Guía colexial 2021
- Publicación do número 21/2021 da revista Avogacía Compostelá
- Reunión territorial da Mutualidad de la Abogacía, previa á Asemblea Xeral (27 de maio)
- Concesión de bolsas de estudos ao alumnado da Escola de Práctica Xurídica



O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela pasa a dar conta das actuacións e medidas levadas a cabo no ano 2021 en relación coa **Covid-19**:

- Tanto as oficinas coma a atención ao público mantivéronse en activo durante o estado alarma provocado pola Covid-19, con adopción de medidas e adaptacións horarias nas sedes colexiais para permitir a prestación de servizos de forma segura.
- Habilitación na sede principal dunha sala con sistema de videoconferencia para realizar xuízos telemáticos.
- Adquisición de equipos de protección e hixiénicos para distribuír entre os colexiados/as e o persoal do colexio (máscaras, xel hidroalcohólico, guantes etc.).
- Anticipo dos pagamentos trimestrais correspondentes á quenda de oficio mediante fondos propios
- Creación dun 2º fondo de axudas de 100.000 € para préstamos sen xuros a colexiados/as
- Prórroga do prazo para devolver os préstamos do 1º fondo de axudas
- Póliza colectiva de hospitalización por Covid-19

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta das seguintes intervencións en relación co funcionamento da **biblioteca**:

- Contratación da plataforma vLex TV da editorial vLex (plataforma de formación en liña)
- Seguen dispoñibles na páxina web as seguintes bases de datos xurídicas: Global Economist & Jurist, Tirant lo Blanch, Biblioteca Online de Sepín e vLex Premium.
- Coedición coa editorial Colex da guía práctica “Partición de la herencia. Paso a Paso” (xuño)
- Coedición coa editorial Colex do manual “Reforma civil y procesal de apoyo a personas con discapacidad. Paso a paso” (setembro)
- Coedición coa editorial Colex dunha edición especial do Código civil coas modificacións da Lei 8/2021 sobre protección integral da infancia e apoio a persoas con discapacidade (outubro)
- Coedición coa editorial Colex do manual “Jurisdicción voluntaria. Paso a paso” (decembro)

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta das seguintes actividades de **formación** desenvolvidas durante o ano 2020:

- Mesa redonda no Día Internacional da Muller: “Mulleres xuristas. Tres olladas sobre a igualdade” (8 de marzo)
- Webinar: “Algunhas reflexións sobre a incidencia da pandemia nos dereitos fundamentais” (14 de abril)
- Curso de linguaxe xurídica galega (maio a xuño, teleformación)
- Cursos: “Contabilidade, práctica contable e análise de balances”, “Xestión laboral e contratación” e “Fiscalidade para a peme: IRPF, IVE e sociedades”, en colaboración co IECE (febreiro a marzo)

- Xornada en liña: “Reformas procesuais, civís e penais no ámbito da infancia, adolescencia e persoas con discapacidade” (29 de setembro, en colaboración con vLex)
- XIV Xornada Xustiza e Lingua (4 de novembro)
- Xornadas sobre as modificacións introducidas pola LO 8/2021 de protección integral da infancia e pola Lei 8/2021 de apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica (17 e 23 de novembro)
- Curso en liña: “Repaso gramatical e ortográfico da lingua galega” (novembro)
- Xornadas: “As modificacións introducidas pola Lei orgánica 8/2021 e pola Lei 8/2021 (17 e 23 de novembro)

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta dos principais **acordos** tomados durante o ano 2020:

- Contratación dunha consultoría de protección de datos para ICA Santiago (23.03.2021)
- Renovación da póliza do seguro de responsabilidade civil con Allianz, do 01.07.2021 ao 30.06.2022, cunha subvención do Colexio de 100.000 euros (20.05.2021)
- Acordos de amparo a colexiados/as (4 en total, de datas 17.03.2021, 23.03.2021, 20.05.2021 e 07.10.2021)
- Acordo de creación e regulación do Taboleiro electrónico de anuncios do ICA Santiago (27.07.2021)
- Acordo en relación coas queixas contra o Xulgado de 1ª Instancia Núm. 7 bis da Coruña (atrasos nas execucións de sentenzas) (02.12.2021)
- Acordos en relación cos atrasos e o funcionamento do Imelga

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta dos **convenios** de colaboración subscritos polo Colexio:

- Convenio co Consello Xeral do Poder Xudicial, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Ministerio Fiscal e o Ciarcus, para a posta en marcha dun programa de mediación penal
- Convenio co Concello de Santiago de Compostela para a xestión tributaria en nome de terceiros
- Convenio co Concello de Santiago de Compostela para asesoramento na vía previa administrativa e laboral e para a mediación en conflitos veciñais e en desafuzamentos
- Convenio entre o IGVS e o Consello da Avogacía Galega para o asesoramento xurídico en materia de ocupación ilegal de vivendas
- Renovación do convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística en materia de normalización lingüística
- Renovación do convenio de mediación penal coa Dirección Xeral de Xustiza
- Convenio de colaboración con Abanca
- Convenio de colaboración con Caixabank
- Convenios con Asisa e Adeslas



- Convenio con Iberdrola
- Convenio con Caser Seguros para a contratación de póliza colectiva de saúde
- Convenios con editoriais xurídicas (La Ley, Sepin e Tirant lo Blanch) para coeditar manuais coas principais novidades lexislativas a prezos reducidos
- Convenio co aparcadoiro de Área Central
- Convenio con Clínica Dental Dublín
- Convenio con Opticalia Casa de los Lentes
- Convenio con Atriga para a realización declaracións e liquidacións de impostos en nome de terceiros
- Convenio coa AEAT para a realización para a realización declaracións e liquidacións de impostos en nome de terceiros
- Convenio con Los Ángeles Gas para descontos en carburantes

### 3. EXAME E VOTACIÓN DAS CONTAS XERAIS DE GASTOS E INGRESOS DO EXERCICIO ANTERIOR

O secretario técnico do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta do seguinte balance de gastos e ingresos do exercicio correspondente ao ano 2021:

<b>GASTOS</b>	<b>800.564,24</b>
2. Aprovisionamentos	36.891,54
601. Compras de materias primas	12.241,82
602. Compras doutros aprovisionamentos	24.449,72
607. Traballos realizados por outras empresas	200,00
3. Gastos de persoal	281.217,10
640. Soldos e salarios	219.961,28
642. Seguridade social a cargo da empresa	61.255,82
4. Outros gastos de explotación	470.767,15
620. Gastos en investigación e desenvolvemento do exercicio	74.497,92
621. Arrendamentos e canons	4.606,21
622. Reparacións e conservación	14.934,56
623. Servizos de profesionais independentes	14.481,10
625. Primas de seguros	229.313,93
626. Servizos bancarios e similares	4.211,75
628. Subministracións	9.192,56
629. Outros servizos	79.079,24
631. Outros tributos	1.791,01
6341. Axustes negativos en IVE de activo corrente	28.071,97

650. Perdas de créditos comerciais incobrables	3.050,00
654. Gastos reembolso goberno	1.839,72
655. Perdas de créditos incobrables	1.371,42
678. Gastos excepcionais	2.937,69
694. Perdas por deterioración de créditos por operacións comerciais	1.388,07
5. Amortización do inmovilizado	9.249,15
681. Amortización do inmovilizado intanxible	557,08
681. Amortización do inmovilizado material	8.692,07
B) Resultado financeiro (beneficios)	274,78
C) Resultado antes de impostos (beneficios)	0,00
11. Imposto sobre beneficios	2.439,30
6300. Imposto corrente	2.439,30
<b>INGRESOS</b>	<b>768.306,33</b>
1. Importe neto da cifra de negocios	10.501,54
705. Prestacións de servizos	10.501,54
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo	653.417,64
721. Cotas colexiais	649.067,64
723. Cotas profesionais	4.350,00
5. Outros ingresos de explotación	102.079,27
740. Subvencións, doazóns e legados á explotación	97.316,65
754. Ingresos por comisións	4.710,04
778. Ingresos excepcionais	52,58
6. Outros gastos de explotación	2.033,10
794. Reversión da deterioración de créditos por operacións comerciais	2.033,10
a) Perda de explotación	30.093,39
10. Ingresos financeiros	274,78
769. Outros ingresos financeiros	274,78
c) Resultado antes de impostos (perdas)	29.818,61
d) Resultado do exercicio (perdas)	32.257,91

Unha vez sometidos á votación, as contas de gastos e ingresos do exercicio 2021 son aprobadas de forma unánime.



#### 4. PROPOSICIÓNS

Non se formulan.

---

#### 5. ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulan.

---

E, ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión en Santiago de Compostela, o día 8 de marzo de 2022, ás 21.00 h. Como secretario, dou fe.

O decano

O secretario